

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 11/09/2023 e que literalmente di :

"Informe proposta para a adxudicación de subvención nominativa

Recibidas do concelleiro delegado especial de Deportes as instrucións de inicio deste expediente de forma oral, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 35 da Lei 39/2015.

Antecedentes

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas, aprobado polo Concello Pleno o pasado 27 de abril de 2023 figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicatario : **A.C.D.R. Grupo Empresa Bazán G15277957**

Importe: **12.000 €**

Obxecto da subvención: **XIII Regata de vela lixeira "Ría de Ferrol" e cursos da escola de vela 2023**

Segundo.- Achégase proxecto de convenio cuxo modelo normalizado foi informado pola Secretaría o día 01/08/2023.

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP n.º 200, 21 de outubro de 2019).
- Bases de execución do orzamento municipal.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público

Consideracións

O acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

O convenio proposto axústase en todos os seus termos ao modelo informado polo Sr. Secretario Xeral o día 01/08/2023

Visto canto antecede, e ao abeiro do artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 256/1986, de 28 de novembro, propónse ó concelleiro delegado especial de Deportes a aprobación do seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e A.C.R.D. Grupo Empresa Bazán para o financiamento da organización e realización da **XIII Regata de vela lixeira "Ría de Ferrol" e cursos da escola de vela 2023** por importe de 12.000 €.

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa ao beneficiario que se indica co seguinte detalle

- Beneficiario: **A.C.R.D. Grupo Empresa Bazán G15277957**
- Obxecto da subvención: **XIII Regata de vela lixeira "Ría de Ferrol" e cursos da escola de vela 2023**
- Importe: **12.000 €**
- Partida: **0500403411048000**
- Doc Contable: **223101205 ref. 622**
- Outras características:

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- A entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningunha subvención, nin se ditou contra esta entidade resolución declarativa da procedencia do reintegro de ningunha subvención ou perda de dereito ao cobramento dela por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións; e non foi acordado, polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención de libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos a esta subvención.

O punto cuarto anterior, refírese única e exclusivamente ás subvencións concedidas pola Concellería de Deportes “

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Asociación Cultural Recreativa Grupo Empresa Bazán para XIII Regata de vela lixeira "Ría de Ferrol" e cursos da escola de vela 2023 por importe de 12.000 €

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa ao beneficiario que se indica co seguinte detalle

Beneficiario: **Asociación Cultural Recreativa Grupo Empresa Bazán G15277957**

Obxecto da subvención: **XIII Regata de vela lixeira "Ría de Ferrol" e cursos da escola de vela 2023**

Importe: **12.000 €**

Partida: **0500403411048000**

Doc Contable: **223101205 ref. 622**

Outras características:

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Notificar a Asociación Cultural Recreativa Grupo Empresa Bazán a Resolución comunicando que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 28/02/2024.

Ferrol, na data da sinatura dixital

O concelleiro delegado especial de Deportes

Ricardo Aldrey Rey

Dou fe,
O secretario xeral

